

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 02 DE XANEIRO DO 2025.**

ASISTENTES:

<p align="center">Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO</p> <p align="center">Membros que asisten:</p> <p>MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS</p>	<p align="center">Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p align="center">Secretario Xeral: SIEIRA RIOS MARIA</p> <p align="center">Membros que non asisten:</p>
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Dous de Xaneiro do Dous mil vinte e cinco, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

1.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202412/239

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 19/12/2024. DECRETO: "REQUIRIMENTO PARA A XUSTIFICACIÓN DE OFERTAS ECONÓMICAS, EN PRINCIPIO, ANORMALMENTE BAIXAS, PRESENTADAS NO EXPEDIENTE DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DE "PAVIMENTACIÓN ASFÁLTICA NOS MUÍÑOS"

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202412/341

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 20/12/2024. DECRETO: "AMPLIACIÓN DEL PLAZO PARA LA EJECUCIÓN DE LAS OBRAS DEL PROYECTO DE "REHABILITACIÓN Y MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DE LA CASA CONSISTORIAL DE RIBEIRA. ACTUACIONES SOBRE LA ENVOLVENTE EXTERIOR.". (PIREP 1) - REACT-UE NEXT GENERATION"



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202412/366

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 20/12/2024. DECRETO: “APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO “CONTRATO DE SERVIZOS DE MASAXE, SOCORRISMO, CONSERXERÍA, MONITORADO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS, ASESORAMENTO EN SALA DE FITNESS, DINAMIZACIÓN DA PISTA PADEL, MANTEMENTO PISCINA E COORDINACIÓN DOS SERVIZOS DE MONITORADO DO DEPARTAMENTO DE DEPORTES DO CONCELLO DE RIBEIRA””

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202412/412

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 26/12/2024. DECRETO: “DECLARACIÓN LICITACIÓN DESERTA: CONTRATO MENOR, DAS OBRAS “SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS INSTALACIÓN CONTRA INCENDIOS EN APARCAMENTO CENTENARIO””

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202412/413

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 26/12/2024. DECRETO: “ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS “SUBSANACIÓN DE DEFECTOS EN INSTALACIÓN ELÉCTRICA DE BT””

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202412/432

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 27/12/2024. DECRETO: “APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LAS OBRAS DE “MEJORA EFICIENCIA ENERGÉTICA DEL PARQUE PERIURBANO DE SAN ROQUE E ILUMINACIÓN EFICIENTE” FINANCIADAS CON FONDOS DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA – FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)”

7.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Ofelia Costa Moledo

Visto o escrito presentado por **Ofelia Costa Moledo**, de data 31/12/2024 (Registro de entrada nº 31.448), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Empanadiñas – 1,00 m.), os días 04, 5, 11, 18 e 25/01/2025, na Rúa Rosalía de Castro (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**



- a) **Autorizar** a **Ofelia Costa Moledo** para a instalación dun posto de venda ambulante (Empanadiñas – 1,00 m.), os días 04, 5, 11, 18 e 25/01/2025, na Rúa Rosalía de Castro (Ribeira).
- b) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- c) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- d) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

8.- VAO PERMANENTE (AMPLIACIÓN) – Valentín Homero Muñiz Pérez

Visto o escrito presentado por **Valentín Homero Muñiz Pérez**, de data 30/09/2024 (SOLIC 0006555), no que solicita a ampliación nun metro (1,00 m. – 50,00 cm. + 50,00 cm.) a reserva de vao permanente na entrada ao garaxe situada en Rúa Rosalía de Castro, nº 25 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 25/12/2024 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **Valentín Homero Muñiz Pérez**, autorización para a ampliación nun metro (1,00 m. – 50,00 cm. + 50,00 cm.) a reserva de vao permanente na entrada ao garaxe situada en Rúa Rosalía de Castro, nº 25 (Ribeira), resultando a ampliación nun **total de 3,00 m.**, según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

9.- VAO PERMANENTE - Daniel Santos Sanlés

Visto o escrito presentado por **Daniel Santos Sanlés**, de data 25/11/2024 (Registro de entrada nº 28.791), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Rosalía de Castro, nº 51 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 24/12/2024 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder** a **Daniel Santos Sanlés**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Rosalía de Castro, nº 51 (Ribeira), con reforzo de marca vial lonxitudinal continua amarela, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.



- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

10.- VAO PERMANENTE – Carlos Antonio Buira Monferrer

Visto o escrito presentado por **Carlos Antonio Buira Monferrer**, de data 17/12/2024 (Rexistro de entrada nº 30.597), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Lagarto, nº 14 (Aguíño).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 24/12/2024 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Carlos Antonio Buira Monferrer**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Lagarto, nº 14 (Aguíño), con reforzo de marca vial lonxitudinal continua amarela na beirarrúa situada enfrente á entrada do garaxe, según o sinalado no citado informe policial.
 - b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

11.- SOLICITUDE PRÓRROGA PRAZO DE XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN - Asociación Cultural Mares da Fin do Mundo

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, de data 30/12/2024, relativa á solicitude prórroga prazo de xustificación subvención, realizada pola Asociación Cultural Mares da Fin do Mundo, e na que expón:

“A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 21 de novembro de 2024, ven de aprobar o convenio de colaboración Concello de Ribeira - Asociación Cultural Mares da Fin do Mundo, co obxectivo de reivindicar o audiovisual centrado no medio mariño, na nosa relación con el e os esforzos que se están a facer para preservalo, e comprometéndose o Concello de Ribeira a abonar a este beneficiario, a cantidade de 18.000,00€ en concepto de subvención.

Consta no expediente sinatura do convenio de colaboración asinado por Marcos J. Gallego Fernández en representación da Asociación de Mares da Fin do Mundo (na data de 22 de novembro de 2024) e Luís A. Pérez Barral en calidade de Alcalde Presidente do Concello de Ribeira (na data 23 de novembro de 2024).

Á vista da documentación xustificativa presentada pola antedita entidade en sede electrónica ó 01/12/2024 número de rexistro 2024 29173.



Recibido a solicitude presentada polo beneficiario na que manifesta que “para cumprimentar con eficacia os trámites de xustificación do expediente 2024 SUBV000012, nos sexa concedida a prórroga que contempla a cláusula terceira do referido convenio de colaboración entre o Concello de Ribeira e a Asociación Cultural Mares da Fin do Mundo” rexistro de entrada na sede electrónica 20/12/2024 e número 2024 30991.

Tendo en conta a cláusula Terceira que establece as normas que rexerán a xustificación e pagamento da subvención:

“O prazo de xustificación da subvención finalizará o 23 de decembro de 2024, agás que se solicitara e concedera unha prórroga. A prórroga que se conceda será única, e non excederá en ningún caso do prazo de quince días naturais”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1º.- Conceder unha prórroga de prazo de xustificación da subvención a Asociación Cultural Mares da Fin do Mundo.
- 2º.- Esta prórroga será única e non excederá do prazo de quince días naturais dende a data de finalización do prazo de xustificación da subvención.
- 3º.- Dar traslado desta prórroga a Asociación Cultural Mares da Fin do Mundo e ao Sr. Interventor do Concello de Ribeira, para o seu coñecemento.

12.- SOLICITUDE INFORME MEDIOAMBIENTAL PARA INSTALACIÓN DE ESCOLA DE SURF - Geckos, S.C.

Queda sobre a mesa a proposta de resolución do Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 23/12/2024, relativo ao escrito presentado por Sara Martínez Quintano (**850**), en representación de Geckos S.C. (**454**), de data 18 de decembro de 2024 (entrada núm. 30.699), mediante o que solicita informe do Servizo Municipal de Medio Ambiente ao respecto da instalación dunha escola de surf na parcela de referencia catastral 15074A902016360000UE, localizada en zona de servidume de protección do Dominio Público Marítimo-Terrestre (en adiante D.P.M.T.), no lugar de Ladeira, Corrubedo, Ribeira; dando traslado do mesmo ao Departamento de Urbanismo.

13.- APROBACIÓN BORRADOR CONVENIO DE COLABORACIÓN - Federación Galega de Montañismo

VISTA a proposta presentada pola Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 23/12/2024, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Federación Galega de Montañismo.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en que a “XXI Andaina 50k Concello de Ribeira”, pase a formar parte da “Liga Galega de Andainas 2025”, e tamén se pretende aproveitar a relevancia desta proba a nivel Galego, para poñer en valor o noso patrimonio natural e promocionar a imaxe do Concello de Ribeira no exterior.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:



Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e a Federación Galega de Montañismo.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

14.- DACIÓN DE CONTA DOS PREMIADOS NOS CONCURSOS EMBELECEMENTO NADAL 2024-2025

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da proposta remitida polas concelleiras de Cultura e Comercio, Antía Alberte maneiro e Genoveva M^a Betanzos Fernández, de data 30/12/2024, relativa aos resultados dos concursos de Embelecemento de Nadal na modalidade de locais hostaleiros, decoración de comercios-escaparates e decoración de fachadas, balcóns e xardíns en vivendas do municipio, así como da concesión dos premios-cestas aos gañadores; resultando os premiados os seguintes:

<u>PREMIOS FACHADAS, BALCÓNS E XARDÍNS</u>	<u>NOME DA DECORACIÓN</u>	<u>DATOS PARTICIPANTE</u>	<u>PREMIO</u>
PARROQUIA AGUIÑO	AS ESTRELAS GUÍANTE	Manuel Sampedro González	Cesta valor 180 €
PARROQUIA ARTES	O NADAL EN ARTES	Manola Pinazas Pena	Cesta valor 180 €
PARROQUIA CASTIÑEIRAS	O BOSQUE DAS ILUSIÓNS	Manola Vilar Sampedro	Cesta valor 180 €
PARROQUIA OLVEIRA	LA CASA DE LAS LUCES	Carlos Romero Oliveira	Cesta valor 180 €
PARROQUIA OLEIROS	DECORACIÓN NADAL OLEIROS	Juana Cánibe Santos	Cesta valor 180 €
PARROQUIA CORRUBEDO	O NOSO FOGAR	Judith Sobrido Quintela	Cesta valor 180 €
PARROQUIA RIBEIRA	ABUELO GRUÑÓN	Conchi Rodríguez	Cesta valor 180 €
PARROQUIA PALMEIRA	AS LUCES DO PORTO	María del Pilar Maneiro Fernández	Cesta valor 180 €
PARROQUIA CARREIRA	O NADAL EN LAXES	Mónica Sampedro Gómez	Cesta valor 180 €

<u>PREMIO ESPECIAL</u>	<u>NOME DA DECORACIÓN</u>	<u>DATOS PARTICIPANTE</u>	<u>PREMIO</u>
CASTIÑEIRAS	SOÑOS DE NADAL	Antonio Casanova Vigo	Cesta valor 300 €

<u>PREMIO DECORACIÓN HOSTALEIRA</u>	<u>NOME DO ESTABLECEMENTO</u>	<u>DATOS PARTICIPANTE</u>	<u>PREMIO</u>
1º PREMIO	A CASEIRA	Angel Martínez Fernández	Cesta valor 300 €
2º PREMIO	COCOLUCHE	Paula Chouza Parada	Cesta valor 200 €

<u>PREMIO DECORACIÓN ESCAPARATES COMERCIOS</u>	<u>NOME DO ESTABLECEMENTO</u>	<u>DATOS PARTICIPANTE</u>	<u>PREMIO</u>
1º PREMIO	TERESA ARREGLOS DE CONFECCIÓN	Teresa Bretal Laranga	Cesta valor 300 €
2º PREMIO	MARIVÍ SANTOS ATELIER	María Victoria Santos Casais	Cesta valor 200 €

15.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN DE CARTEL PUBLICITARIO - Beizos Gastrobar

Visto o escrito presentado por Javier Souto González en representación do establecemento hostaleiro **Beizos Gastrobar**, de data 08/07/2024 (Rexistro de entrada nº 17.658), no que solicita autorización para a colocación dun cartel publicitario nunha farola situada na Avenida do Malecón (Ribeira).



Visto o informe desfavorable emitido ao respecto pola Policía Local, de data 24/12/2024, no que informa:

“Ante la ausencia de una Ordenanza específica reguladora de instalaciones publicitarias en la vía pública, se aplica conforme a la normativa de Trafico R.D 1428/2003, de 21 de noviembre, señalizando con señales de servicio, carteles de interes cultural y turistico.

Las singularidades de la publicidad determinan la imposibilidad material de soportar en la vía pública la divulgación mediante cartelería o señales.

Siguiendo las consideraciones de indole estética y barreras arquitectónicas, para la protección de paisaje urbanístico y evitar la proliferación indiscriminada de anuncios con esta actividad, la protección y mejora de los valores del paisaje urbano y la imagen de la ciudad, la publicidad incontrolada basándose en carteles, pegatinas, etiquetas, rotulación, etcétera, fijada sobre paramentos de edificios e instalaciones, obras públicas, elementos de mobiliario urbano, no es permisible dentro del término municipal, siendo de aplicación el régimen sancionador establecido en la ordenanza Municipal de limpieza del año 1992, calificado como falta grave.

Siguiendo este criterio sería conveniente no conceder autorización para este tipo de señalización, como sucedió en casos similares, evitando con ello la proliferación de las mismas por todo el casco urbano.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda non autorizar** a instalación dun cartel publicitario do citado establecemento hostaleiro nunha farola situada na Avenida do Malecón (Ribeira), polas argumentacións expostas no citado informe policial.

16.- SOLICITUDE REGULACIÓN DE TRAFICO NO LUGAR DE INSUELA (PALMEIRA) - Xabier Vidal Peón

Visto o escrito presentado por **Xabier Vidal Peón**, de data 08/07/2024 (Registro de entrada nº 17.679), no que solicita a instalación de sinais de prioridade peonil, de límite de velocidade a 30 km/h e sistemas de redución de velocidade na estrada situada no lugar de Insuel (Palmeira).

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 01/01/2025, no que sinala:

“La via que nos ocupa esta formada por un carril de circulación para cada sentido de marcha, insuficiente en tramos, siendo necesario detener los vehículos cuando se cruzan y buscar un apartadero para el fluir de la circulación.

- 1- En cuanto a la posibilidad de regular la calle mediante la señales de 30 Km/h como velocidad maxima (R-301), el Real Decreto 970/2020 , de 10 de noviembre, por el que se modifica el Reglamento General de Circulación ,aprobado por el Real Decreto 1428/2003, de 21 de noviembre y el Reglamento General de Vehículos, aprobado por el Real Decreto 2822/1998, de 23 de diciembre, en materia de medidas urbanas de Tráfico, modifica el articulo 50 del Reglamento General de Circulación.*

Limites de velocidad en vías urbanas y travesías

50.a 20Km/h en vías urbanas que dispongan de plataforma única de calzada y acera.

50.2. . Excepcionalmente, la Autoridad Municipal podrá aumentar la velocidad en vías de un único carril por sentido hasta una velocidad máxima de 50 km/h, previa señalización específica.

Para reforzar la señalización se pueden instalar una señal a cada entrada de la calle con la velocidad máxima permitida 30Km/h (301) fotografía nº 1 y nº 2



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20251468021
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 10/01/2025	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/01/2025	Fecha: 13/01/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/01/2025 09:06:00		Hora: 09:05



- 2- En cuanto a la señalización de " prioridad peonil " (señal S-28) y sistemas de reducción de velocidad, la primera no reúne las condiciones de calle peatonal del Anexo I, artículo 59 Zona peatonal. " Parte de la vía, elevada o delimitada de otra forma, reservada a la circulación de peatones. Se incluye en esta definición la acera, el andén y el paseo".

La segunda petición de sistemas de reducción de velocidad, tratándose de bandas de caucho a lo largo de la calzada, fue una medida implantada en su día en varias zonas del Concello, que se terminó por retirarlas por las quejas vecinales causadas por los ruidos producidos al atravesar estos dispositivos mayormente en horas nocturnas. Otra opción sería los pasos de peatones sobre- elevados, regulados por la Orden FOM/3053/2008. Descartar esta opción por no reunir las condiciones de esta Orden la vía que nos ocupa.

En resumen descartando posibilidades queda la instalación de la señalización de velocidad máxima permitida de 30Km/h, a las entradas de la calle como medida de refuerzo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a instalación de sinalización de límite de velocidade a 30 km/h, segundo as recomendacións contidas no citado informe policial.

17.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTOS MUSICAIS EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Verónica Elena Nogueira Carrera (O DA RUBIA)

VISTO o escrito presentado por **Verónica Elena Nogueira Carrera** en representación establecimiento "Café Bar O da Rubia" (Ribeira), de data 23/09/2024 (Rexistro de entrada nº 31.036), no que solicita permiso para eventos musicais no establecimiento hostaleiro "Café Bar O da Rubia" (Ribeira), todos os venres do mes de xaneiro do 2025, en horario de 21:00 h. a 01:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a **Verónica Elena Nogueira Carrera**, para eventos musicais no establecimiento hostaleiro "Café Bar O da Rubia" (Ribeira), todos os venres do mes de xaneiro do 2025, en horario de 21:00 h. a 01:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de "Café Bar O da Rubia" (Ribeira) (**Verónica Elena Nogueira Carrera**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: "O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respetar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable."



- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais,



procederáse a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

18.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTOS MUSICAIS EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Fernando Peón González (LIVERPOOL)

VISTO o escrito presentado por **Fernando Peón González** en representación establecemento “Liverpool Music Club” (Ribeira), de data 27/12/2024 (Registro de entrada nº 31.313), no que solicita permiso para eventos musicais no establecemento hostaleiro “Liverpool Music Club” (Ribeira), os días 03, 09, 10, 18 e 23/01/2025, en horario de 21:00 h. a 23:50 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Fernando Peón González, para eventos musicais no establecemento hostaleiro “Liverpool Music Club” (Ribeira), os días 03, 09, 10, 18 e 23/01/2025, en horario de 21:00 h. a 23:50 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Liverpool Music Club” (Ribeira) (Fernando Peón González), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou*



vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”

- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

19.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Fernando Varela Rodríguez (CLANDESTINO)

VISTO o escrito presentado por **Fernando Varela Rodríguez** en representación establecemento “Bar Clandestino” (Ribeira), de data 31/12/2024 (Rexistro de entrada nº 31.446), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Clandestino” (Ribeira), o día 04/01/2025, en horario de 21:00 h. a 24:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Fernando Varela Rodríguez, para eventos musicais no



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20251468021
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 10/01/2025 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/01/2025 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 13/01/2025 09:06:00		Fecha: 13/01/2025 Hora: 09:05



establecemento hostaleiro “Bar Clandestino” (Ribeira), o día 04/01/2025, en horario de 21:00 h. a 24:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar Clandestino” (Ribeira) (**Fernando Varela Rodríguez**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás



esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

20.- SOLICITUDE ESPAZO NO MERCADO MUNICIPAL DE RIBEIRA – Asociación Ambar

Visto o escrito presentado por Milagros Rey Pérez en representación da **Asociación Ambar**, de data 30/12/2024 (Rexistro de entrada nº 31.417), no que solicita a cesión de uso dun espazo do Mercado Municipal de Ribeira, así como dos recursos existentes no mesmo, do 24/02/2025 ata o 08/05/2025, en horario de 09:30 h. a 15:30 H., co fin de realizar a formación práctica baseada no certificado de profesionalidade de operacións básicas en cociña e pastelería.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á Asociación Ambar que o espazo solicitado no Mercado Municipal de Ribeira non está dispoñible para esas datas, ao estar ocupado por F.P. Básica, polo que tería que axustarse aos días e horarios que quedasen dispoñibles.

21.- SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN/AMPLIACIÓN DA CELEBRACIÓN DA CABALGATA DE REIS EN PALMEIRA – Asociación Cultural e Deportiva Comisión Festas Amigos de Palmeira

Vistos os escritos presentados por Tania Santos Ferras en representación da **Asociación Cultural e Deportiva Comisión Festas Amigos de Palmeira**, de data 27/10/2024 (Rexistro de entrada nº 26.633 e 26.648), no que solicita a modificación/ampliación da celebración da Cabalgata de Reis en Palmeira que pasaría a ser no Pavillón Torres Colomer (Palmeira), en horario de 17:00 h. ás 05:30 h., así como a colaboración municipal con servizo de limpeza, mesas e cadeiras, chocolate, churros, caramelos e traxes dos reis.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- **Autorizar** a a modificación/ampliación da celebración da Cabalgata de Reis en Palmeira que pasaría a ser no Pavillón Torres Colomer (Palmeira), en horario de 17:00 h. ás 05:30 h., así como a colaboración municipal con servizo de limpeza, mesas e cadeiras, chocolate, churros e caramelos.
- **Informar** que non é posible ao cesión de uso dos traxes dos reis ao carecer deles.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.



FIRMANTE - FECHA

